



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xullo - Agosto 2025 • Nº 302



XULLO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

AGOSTO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

**LEMBRA QUE NO MES DE AGOSTO
NON HABERÁ BOLETÍN!!
VÉMONOS EN SETEMBRO!!**

FOLLETO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS. CURSO 2025-2026

■ En versión papel chegará aos domicilios co exemplar do boletín de setembro. Na web e nos medios de difusión municipais, estará dispoñible ao longo do mes de xullo.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS CULTURAIS e DEPORTIVAS

2025 / 2026

HORARIO DE VERÁN NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

Do 15 de xuño ao 15 de setembro:
O horario de atención ao público será de
9:00 a 13:00 horas.

NO VERÁN... RISCO ALTO DE INCENDIOS!!

■ Durante a época de alto risco de incendios, disposto entre o 1 de xullo e o 30 de setembro pola Consellería do Medio Rural, NON SE PODEN REALIZAR QUEIMAS DE RESTOS AGRÍCOLAS.

Así mesmo, neste período QUEDA PROHIBIDA A REALIZACIÓN DE GRELLADAS OU CALQUERA TIPO DE FOGUEIRAS nas zonas agrícolas, forestais ou de influencia forestal. Independentemente de que contén con infraestruturas para a preparación de alimentos.



A XANELA DA LINGUA...

CELGA. O GALEGO APRÉNDELO!!

■ O Celga é o sistema de certificación de lingua galega adaptado ao Marco europeo común de referencia para as linguas.



Os Celga permiten certificar o coñecemento que unha persoa ten do galego para os efectos de xustificar méritos ou requisitos laborais e académicos.

Os certificados obtéñense mediante un exame convocado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Tamén é posible obter a validación Celga dos estudos previos de galego.

Na web <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo> tes toda a información:

- Que é o CELGA?
- Cantos niveis Celga hai?
- Como podemos obter un título Celga?
- Como preparamos as probas?

E tamén tes acceso aos seus teléfonos: 881 996 313 / 881 996 308 / 881 996 307 / 881 996 541 / 881 996 309 / 881 996 310 / 881 996 304.

Enderezo electrónico:
sxpl.probascelga@xunta.gal



ASÍ FOI MUNICIPAL



Presentación de Goza do Ulla en Turexpo, dentro da Semana Verde de Silleda.



Visita do grupo de memoria de Agadea ao stand de Vedra na Semana Verde de Silleda.



Excursión a Arteixo da Terceira Idade de Vedra.



Entrega de diplomas do Programa "Camiños de Coñecemento" da USC para maiores de 55 anos.



Entrega Medalla de Ouro a Protección Civil Vedra, polos seus 25 anos de servizo.



Última etapa da tempada do Grupo de Sendeirismo, antes da parada estival.



Sesión Contacontos con Caxoto na EIM de Vedra, actuación incluída na Rede Cultural 2025.



Sardiñada de San Xoán para a Terceira Idade de Vedra.



LOCAL JAM do Proxecto ATLIC en Vedra, en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago.



Actividade de Manualidades/Artes Plásticas. Curso 24/25.




Actividade de Pintura. Curso 24/25.



Actividade de Costura. Curso 24/25.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Charla organizada pola Anpa CPI Plurilingüe de Vedra.



Entomolar da Asociación Amabul.



Torneo de Fútbol C.D. San Mamed.



Festival Fin de Curso da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla. O Xabarán volve á Escola.



20º aniversario da Coral Os do Canto da 3ª Idade de Vedra.



30º Aniversario da Coral Polifónica Santa Cruz de Ribadulla.



O Día da Bicicleta co Club Ribadoulla.



Xantar de confraternidade na Ruta Cabalar Río Pereiro 2025.



Excursión a Ponteareas da Asociación O Burgo.



Serán das Letras da A.C. San Campio.

De Interese

ITV AGRÍCOLA EN VEDRA

■ Xa temos datas para a pasar a ITV aos vehículos agrícolas en Vedra.

Esta vez teremos dous lugares:

- EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA (Entorno da Casa da Cultura) O 13 DE NOVIEMBRE.

- EN VEDRA (Campo da Festa de Vedra) OS DÍAS 14, 17 E 18 DE NOVIEMBRE.

É preciso CITA PREVIA e estas poderán sacarse UN MES ANTES, en vindeiros exemplares do boletín compartiremos o xeito de solicitala.

XULGADO DE PAZ

■ **ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.**

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 13:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

PUNTO LIMPO

■ Servizo de Punto Limpo situado no lugar de Fornelos, Vedra.

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Este servizo gratuíto polo que aposta o Concello de Vedra, NON DESCANSA EN VERÁN.

- EN XULLO: O MARTES 15.
- EN AGOSTO: O MARTES 19.

Obrigatorio asistir con reserva de cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e solicita que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

Cultura

MAXIA DE VERÁN CON CAYETANO LLEDÓ VENRES 4 DE XULLO ÁS 12:00 HORAS NO CENTRO SOCIAL DE VEDRA

■ Arrancamos xullo con este espectáculo de maxia con comedia e humor que combina o ilusionismo con teatro, danza, hipnose e mentalismo.

Pensado para o público de todas as idades, mós-tranos con grandes doses de humor, o lado máis espectacular e fascinante da maxia.

Entrada de balde ata completar aforo.



VOLVE A ÓPERA A VEDRA DENDE O TEATRO REAL O SÁBADO 19 DE XULLO COA OBRA “LA TRAVIATA”

■ Unha oportunidade única para gozar en directo e de xeito gratuíto da retransmisión que chega dende o Teatro Real.

- Data e hora: sábado 19 de xullo ás 21:00 h.
- Lugar: Centro Sociocultural de Vedra.



Fotografía de © Hans van den Bogaard.

APÚNTATE Á COMPOSTAXE DOMÉSTICA

■ O Concello de Vedra dálles a oportunidade a todos os fogares do municipio para que poidan realizar unha compostaxe de calidade.



Para iso, só tes que solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a residuoskmcero@concellodevedra.gal cos teus datos: nome completo, enderezo, dni, teléfono e correo electrónico.

E se xa fas compostaxe, podes recibir asesoramento a través do teléfono da compostaxe (dispoñible de luns a venres de 16:00 a 20:00 h.).



Agora mesmo xa son máis de 400 familias as que fan compostaxe doméstica no noso municipio, impedindo deste xeito que os residuos orgánicos xerados en Vedra percorran longas distancias, evitando a emisión de gases contaminantes á atmosfera e axudando na loita contra o cambio climático ao tempo que contribúen a mellorar a calidade dos nosos solos retornando a materia orgánica ao chan en forma de compost.

Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con RESIDUOS KMCERO.

CAMPAÑA DE MICROCHYPEADO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA 2025 A TARDE DO SÁBADO 5 DE XULLO

■ Unha nova oportunidade para facilitarlle á veciñanza o acceso a este servizo coas súas mascotas.

A identificación mediante microchip de cans e gatos é obrigatoria, non facelo terá sancións de importante contía, pero tamén pode supoñer que no caso de perda do animal nunca o poidas recuperar.

A inscrición previa será obrigatoria e débese acudir cos animais coas medidas de retención necesarias para evitar problemas (transportín, correa, buceira no caso de PPP, etc):

- **Data:** 5 de xullo pola tarde
- **Lugar:** Casa do Concello
- **Prezo:** 27 euros
- **Obrigatoria cita previa!**



Deporte

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE VEDRA

■ Solicitud de concesión anual a clubs deportivos para a práctica de actividade deportiva regular (adestramentos e competicións federadas) a clubs deportivos para a tempada 25-26.

- **Prazo de solicitude:** Aberto do 1 ao 15 de xullo.
 - EN LIÑA na sede electrónica do Concello de Vedra (cubrinto a solicitude xeral)
 - PRESENCIALMENTE nas oficinas do concello no horario de apertura ao público.

- **Resolución:** 31 de xullo de 2025
- **Inicio da concesión de uso:** 1 de setembro de 2025.

Toda a información na web municipal.



A ESTACIÓN O TEU ESPAZO DE TRABALLO NO CORAZÓN DE VEDRA

NOVO HORARIO DE ATENDIÇÃO AO PÚBLICO MARTES E XOVES DE 10:00 A 14:00 HORAS

O resto da semana solicitando cita previa
no teléfono 981 512 244 ou no correo-e
aestacion@concellodevedra.gal

EN AGOSTO A ESTACIÓN PERMANECERÁ PECHADA
POR VACACIÓNS

■ **A Estación:** A Estación mantén as portas abertas como punto de referencia para os profesionais do noso concello. Se precisas un espazo de calidade para recibir clientes, traballar con tranquilidade ou simplemente ter unha oficina fóra de casa, A Estación ofrece postos de coworking fixos e puntuais adaptados ás túas necesidades.

Pero non somos só un lugar para traballar. Queremos ser o punto de encontro do tecido empresarial de Ve-

dra, onde buscar colaboracións, provedores locais ou simplemente coñecer outros profesionais do concello. Por iso mantemos actualizada a nosa base de datos de empresas vedresas, porque sabemos que as mellores oportunidades están moitas veces máis preto do que pensamos.

Para quen teña unha idea roldándolle pola cabeza ou acabe de dar o salto ao emprendemento, A Estación é tamén o teu aliado. Ofrecemos asesoramento personalizado tanto no momento inicial como unha vez iniciada a actividade, porque sabemos que cada proxecto é único e merece un acompañamento á súa medida.

Pásate pola antiga estación de tren de Santa Cruz de Ribadulla, porque as mellores conexións non sempre van en tren.

Verán 2025 en Vedra

PISCINA MUNICIPAL. Programa de Socorrismo financiado pola Deputación da Coruña

- **Calendario:** do 1 de xullo ao 31 de agosto.
- **Horario:** de luns a venres de 15:00 a 21.00 h.
Sábados, domingos e festivos de 16:00 a 21.00 h.

TARIFAS DA PISCINA MUNICIPAL DE VEDRA VERÁN:

1) ENTRADA A PISCINA SEN ABONO:

- Persoas empadroadas en Vedra:
 - Menores de 6 anos: ENTRADA GRATÍS.
 - Maiores de 65 anos: 1,00 €.
 - Menores de 14 anos: 1,00 €.
 - Maiores de 14 anos: 2,00 €.
- Persoas NON empadroadas en Vedra:
 - Menores de 6 anos: 1,00 €.
 - Maiores de 65 anos: 2,00 €.
 - Menores de 14 anos: 2,00 €.
 - Maiores de 14 anos: 3,00 €.

2) BONOS:

- Persoas empadroadas en Vedra:
 - Menores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 6,00 €.
 - B) Bono de 20 baños: 8,00 €.
- Maiores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 10,00 €.
 - B) Bono de 20 baños: 15,00 €.

- Persoas non empadroadas en Vedra:



- Menores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 12,00 €.
 - B) Bono de 20 baños: 16,00 €.
- Maiores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 20,00 €.
 - B) Bono de 20 baños: 30,00 €.

3) ABONOS FAMILIARES: (composto por persoa titular, cónxuxe e fillos menores de 14 anos)

- PARA FAMILIAS DE VEDRA: 36,00 €/tempada.
- PARA FAMILIAS DE FÓRA DE VEDRA: 100,00 €/tempada.

4) ABONOS INDIVIDUAIS:

- Para persoas empadroadas en Vedra: 30,00 €
- Para persoas non empadroadas en Vedra: 80,00 €

5) CURSOS DE NATACIÓN (obrigatorio estar abonado):

- Cursos para persoas menores de 14 anos: 7 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.
- Cursos para persoas maiores de 14 anos: 13 € + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

CURSOS DE NATACIÓN DE VERÁN 2025

Consulta os horarios e inscíbete na primeira semana de apertura na propia piscina municipal.

CORRENTES DO ULLA

■ Unha iniciativa conxunta dos concellos de Vedra e Boqueixón que acolle sete actividades co río Ulla como eixo central e que inclúen piragüismo, rutas de sendeirismo e fotografía, rutas para descubrir o patrimonio oculto e un campo de voluntariado.



correntes do Ulla

DESCENSO DO ULLA
25 de xullo.

Percorrido: Dende o Campo do río de Ponte Ledesma ata a Área de Recreo de Agronovo.
Prezo: 30 € por persoa (inclúe kaiak de 2 persoas, chaleco salvavidas e seguro).
Observacións: Poderán participar as persoas maiores de 18 anos con autorización.
Prazas limitadas.

GOZA DO ULLA (ROTEIRO DE PESCADORES)
6 de xullo.

Punto de encontro: As 10:00 h. Área Recreativa San Pazo Cedeiro.
Punto de saída: Campo do Río de Ponte Ledesma.
Distancia: 9,1 km aprox.
Dificultade: Media-baixa.
Prazas limitadas.

RUTA FOTOGRÁFICA AMBIENTAL
12 de xullo.

Fotografía de fauna e flora (Contorno do Coto de Ximonde).
Imparte: Fernando Lueiro.
Horario: De 10:00 a 13:00 horas.
Prazas limitadas.

CAMPO DE VOLUNTARIADO "MONTE SACRO"
Do 21 de xullo ao 1 de agosto.

Arqueoloxía + medio ambiente.
Idades: De 18 a 30 anos.
Colabora: Dirección Xeral de Xuventude.
Prazas limitadas.

GOZA DO ULLA (PAZO DE STA. CRUZ DE RIBADULLA - SAN XOÁN DA COVA)
3 de agosto.

Punto de encontro: As 9:30 h. Área de Recreo Cubelas.
Punto de saída: Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.
Distancia: 16 km aprox.
Dificultade: Media-baixa.
Prazas limitadas.

RUTA POLO PATRIMONIO OCULTO DE VEDRA (CONTORNO DE SAN XOÁN DA COVA - GUNDIÁN - PONTE ULLA)
14 de agosto.

Horario: De 10:30 a 13:30 horas.
Prazas limitadas.

RUTA POLO PATRIMONIO OCULTO DE BOQUEIXÓN (CONTORNO DO PICO SACRO)
11 de agosto.

Horario: De 10:30 a 13:30 horas.
Prazas limitadas.

+ información e inscricións en:
www.concellodevedra.gal + www.boqueixon.gal

Concello de Vedra **Concello de Boqueixón** **XUNTA DE GALICIA** **Deputación DA CORUÑA**

LUDOVERÁN, DENDE O 23 DE XUÑO AO 5 DE SETEMBRO EN HORARIO DE MAÑÁ. VIVIMOS UN VERÁN DE CORES!!!!

■ Nesta época de verán a cativada dispón de tempo libre e dende a ludoteca consideran axeitado brindarlles a oportunidade de compartir ese tempo nun marco lúdico.

Nesta etapa serán protagonistas da súa propia aventura arredor das cores, fomentando a expresión artística e a experimentación a través das cores, creando un ambiente festivo e gozando ao máximo con dinámicas de grupo, xogos de auga, saídas pola contorna,... todo moi cheo de cor.

SERVIZO DE ALUGUER DE CAIACS E BICIS

Veren, sábados e domingos de 16:00 a 20:00 h.
Aluguer 5 €/persoa/hora

AREA DE RECREO DE AGRONOVO
XULLO E AGOSTO



ALUGUER DE KAIKAS E TABOAS DE PADDLE SURF

+ Información:
981814612 - 669450804
turismo@concellodevedra.gal

Concello de Vedra

ALUGUER DE BICIS



Puntos de aluguer de bicicletas:

***Bar Barreiro**
Cibrán nº9, San Xíán de Sales
Telf: 981512492

***Oficina de turismo**
Rectoral de Ponte Ulla
Telf: 669450804

+ Información:
981814612 - 669450804
turismo@concellodevedra.gal

Concello de Vedra

OFICINA DE TURISMO

■ NA CASA RECTORAL DE PONTE ULLA.

Horario de apertura:

- Todos os días de xullo e agosto de 11:00 a 17:00 h.



GOZA DO ULLA

■ En Vedra o domingo 3 de agosto.

Este percorrido polas Rutas de Sendeirismo dos Concellos do Río Ulla entre o 11 de maio e o 19 de outubro, chegará a Vedra.

- **Data:** domingo 3 de agosto.
- **Punto de encontro:** 9:30 horas, Área de Recreo de Cubelas (recollida do bus).
- **Punto de saída:** Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.
- **Distancia:** 16 km aprox.
- **Dificultade:** media-baixa.
- **Prazas limitadas.**



GOZA do ULLA 2025

Domingo, 11 de maio	TEO De ponte a ponte; da Dorna á Mariola
Domingo, 22 de xullo	ANTAS DE ULLA Ullaando polo nacemento
Domingo, 28 de xullo	MONTERROSO Muíña do Alemán
Sábado, 02 de agosto	BOQUEIXÓN Roteiro de pescadores
Domingo, 03 de agosto	VEDRA Pazo de Santa Cruz de Ribadulla San Xoán da Cova
Sábado, 09 de agosto	A ESTRADA · Os sons do Ulla
Domingo, 31 de agosto	PONTECESURES Ollando o Ullán
Domingo, 06 de setembro	VILAGARCÍA DE AROUSA Á Cruz de Xiabre, a Fontefría e aos Petregallos San Xoán da Cova
Sábado, 13 de setembro	VILA DE CRUCES-TOURO As dúas beiras do Ulla
Sábado, 20 de setembro	PALAS DE REI Torrentes de Mácara
Sábado, 27 de setembro	ARZÚA · Fervenza das Hortas
Domingo, 28 de setembro	DODRO-RIANXO As Brañas Tres Cruces
Sábado, 04 de outubro	VALGA · Vistas do Ulla e afluentes
Domingo, 05 de outubro	CATOIRA · Ruta de Oeste
Sábado, 11 de outubro	PADRÓN · Polas beiras do Ulla
Sábado, 18 de outubro	SANTISO · Roteiro de Cornella
Domingo, 19 de outubro	SILLEDA Gres - Xunta dos ríos en Cira

Inscripcións e consultas no teléfono 669 450 804 ou no enderezo electrónico turismo@concellodevedra.gal.

Servizos Sociais

PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS PARA O ANO 2025

■ Unha proposta da Xunta de Galicia para a da concesión de estadias en prazas de establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Convocatoria publicada no DOG Núm 113 do luns 16 de xuño.

Prazo de solicitudes aberto ata o 16 de xullo.

Toda a información dispoñible na web municipal.





INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrência: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ EN XULLO E AGOSTO O CENTRO SOCIAL PERMANECERÁ PECHADO.

EN XULLO...

■ Excursión á praia - "Comida campestre". Comarca do Salnés - Arousa

Luns 14 de xullo.

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, visitas e xantar) prazas limitadas.

Programa: Preténdese que este sexa un día de diversión e confraternidade. Para iso buscamos un lugar con amplas zonas de sombra ... Visitaremos lugares de interese da zona; e tempo de praia.

(O prazo de inscrición ábrese o luns 7 de xullo ás 17:00 h. de xeito presencial no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por orde de inscrición).

E EN SETEMBRO...

■ Celebración da patroa do Centro Social "Festa do Burgo", na carballeira.

Sábado 13 de setembro ás 13:00 h.



Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade, haberá "pulpeiro", os/as que queiran poden levar a comida ...

Actuación do grupo de música tradicional "Os Laxeiros" da AC San Campio.

■ Curso de dixitalización de persoas maiores "Mellor acompañados". Ensino de NOVAS TECNOLOXÍAS:

>>Caixeiro automático >>Teléfono móbil >>App móbil do Sergas.

Datas: 23, 24, 25 e 26 de setembro en horario de mañá.

Para máis información e inscricións en setembro no Centro Sociocultural de Vedra: 981 502 024 (en horario de tarde) ou nos Servizos Sociais: 981 814 695 (en horario de mañá).

Colaboran: Fundación Amigos de Galicia e Xunta de Galicia.

OLLO: No exemplar de setembro do boletín sairá toda a información de actividades do vindeiro curso 2025/2026.

LUDOTECA CURSO 2025/2026

■ LEMBRA!

O prazo de inscrición para os servizos de madrugada e ludoteca para o curso 2025/2026 está aberto ata o 15 de xullo.

IMPORTANTE!!

As persoas que queiran facer uso deste servizo a partir do 8 de setembro DEBEN SOLICITALO NESTE PRAZO INDICADO.

Toda a información sobre o procedemento de solicitude na web municipal www.concellodevedra.gal

Máis información nos teléfonos: 981 814 693 ou 699 041 486.



XUNTA DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello de Vedra



VEDRA POR UN VERÁN LIBRE DE VIOLENCIAS MACHISTAS. LEMBRA!!!!

■ As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia social integral que inclúe servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral, que han de responder aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia, restaurar a situación na que se atopaba a vítima antes de padecela ou, cando menos, paliar os seus efectos.

- **Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra de luns a venres de 8:00 a 15:00 h.**
- **CIM, centro de información á muller:**
 - **Atención xurídica. Venres de 8:00 a 15:00 h.**
 - **Atención psicolóxica. Martes de 8:00 a 15:00 h.**
- **TELÉFONO 981 814 693**

A través dos mesmos faise posible que as mulleres:

- Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden emprender e os seus dereitos.
- Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento (emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- O dereito á asistencia social integral recoñécese tamén aos menores que viven en contornas familiares onde existe violencia de xénero.

Outros recursos:

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o

Servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

O Teléfono da Muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.

Para que se puxo en marcha?

Fundamentalmente cos obxectivos de:

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas, psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servizos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.
- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

Sobre que cuestións te podes informar?

Ten por finalidade informar e asesorar sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentenzas incumpridas...
- Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...
- Discriminación laboral, permisos de maternidade e paternidade, apoio á contratación...
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, gabinetes de orientación familiar...
- Educación para a igualdade, materiais didácticos non sexistas, publicidade discriminatoria para coas mulleres...
- Apoio ao asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...
- Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións de medidas doutros organismos de igualdade...



Concello de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero

BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ XXII FESTIVAL DE BANDAS DO PATIO OS DÍAS 4 E 5 DE XULLO

Dous días de MÚSICA EN MAIÚSCULAS no Pazo de Ortigueira cun cartel de luxo que non te podes perder!!

XXII FESTIVAL DE BANDAS DO PATIO
EN HOMENAXE A JUAN CASTRO FERNÁNDEZ
LUGAR: PAZO DE ORTIGUEIRA (SANTA CRUZ DE RIBADULLA)

4 DE XULLO 21:30
A REQUINTA DA LAXEIRA
ACOMPANANDO A:
ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA
DIRIXE: FERNANDO REY IGLESIAS

5 DE XULLO 19:00
ATENEU MUSICAL DEL PUERTO (VALENCIA)
DIRIXE: LUIS SERRANO ALARCÓN

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE LA BAÑEZA
DIRIXE: CARLOS DANIEL FERRERAS DELGADO

BANDA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA
DIRIXE: ALEJANDRO CIMADEVILA LOUZAO

■ CAMPAMENTO MUSICAL

CORES & SONS
CAMPUS MUSICAL DE VERÁN
14 ao 18 XULLO | Santa Cruz de Ribadulla

OS NÓSOS Profesores

Juan Lois BANDA	Aida Lozano TROMPA	Carla Figueroa PERCUSSION	Cecilia Castro OBOE
César Núñez TUBA E BOMBAARDINO	Carme Tubio BÉALO E CONTRABASO	Mónica López TRAUTA	Gonzalo Lemos FAGOT
Adrián Pazos TROMBETA	Alberto Iglesias SAZO	Faustino Núñez TROMBÓN	Noelia Carrera CLARINETE

www.coresesons.com

A ASOCIACIÓN O BURGO DE VEDRA

■ Comparte a programación das súas vindeiras actividades para os meses de verán de xullo e agosto:

- Domingo 13 de xullo: xantar e baile no Xirimbao.
- Sábado 19 de xullo: excursión á Feira de Vilanova da Cerveira en Portugal.
- Domingo 10 de agosto: excursión á Festa do Pulpo no Carballiño.
- **OLLO!! ÚLTIMAS PRAZAS PARA PARTICIPAR DA EXCURSIÓN Á COSTA DO SOL: Do 21 ao 27 de outubro.**

Teléfono de contacto para máis información e inscricións: 639 811 666.



Unha das sesións da actividade ximnasia en liña que se retomará en setembro.

ASOC. CULTURAL SAN CAMPIO

■ ACTUACIÓN NO CENTRO GALEGO DE VITORIA-GASTEIZ O 12 DE XULLO

A entidade viaxa á cidade do País Vasco onde realizará unha actuación mostrando o noso folclore fóra das nosas terras.

I RUADIÑA NA DIÁSPORA

SÁBADO, 12 DE XULLO
CENTRO GALEGO DE VITORIA



■ CAMPAMENTO DE VERÁN NA PRIMEIRA SEMANA DE SETEMBRO

CAMPAMENTO DE VERÁN
LUGAR: O GROVE (CAMPING FEITAS)

XOGOS
ACTIVIDADES ACUÁTICAS: KAYAK, PADDLE SURF, SNORKEL...

BAILE E MÚSICA

CONVIVENCIA

DO 2 AO 5 DE SETEMBRO

PREZOS
SOCIO/A: 130€
NON SOCIO/A: 170€

PARA NENOS E NENAS A PARTIR DE 7 ANOS

*INSCRIPCIÓN: ata o 15 DE XULLO no 642079012

ORGANIZA: COLABORA:

ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA - BOQUEIXÓN. ABRE O PRAZO DE INSCRIPCIÓN PARA A TEMPADA 25/26

INSCRIPCIÓN ABERTAS TEMPADA 2025-2026

Categoría	Nados nos anos
Xuvenil	2007, 2008 e 2009
Cadete	2010 e 2011
Infantil	2012 e 2013
Alevín	2014 e 2015
Benxamín	2016 e 2017
Prebenxamín	2018 e 2019
Biberón	2020 e 2021

Web para formalizar as inscricións:
<https://www.vedraboqueixoned.org>

+ Información

vedraboqueixoned@gmail.com

622 62 92 05

<https://www.vedraboqueixoned.org>



XIV FESTA DO CHOURIZO EN SAN PEDRO DE SARANDÓN O DOMINGO 3 DE AGOSTO

XIV FESTA DO CHOURIZO

Domingo, 3 de AGOSTO de 2025 (14:00 h.)
ÁREA RECREATIVA DE CUBELAS
SAN PEDRO DE SARANDÓN - VEDRA

Xantar campeiro ao carón do río Ulla co seguinte menú:

Empanada, CHOURIZO á Brasa, CHOURIZO ao Viño, CHURRASCO, Sobremesa e Bebidas

Prezo: 25 euros / persoa

Nenos ata dez anos: 10 euros

Actuación musical
Aparcadoiro Gratuito



Venda de entradas: (Data Límite: 30/7/2025)

- Membros da Comisión de Festas.
- Tfños. 619 020 034 e 618 716 279

Organiza: Asociación de Festexos A Concepción

Colabora:



FESTAS EN XULLO E EN AGOSTO

EN XULLO ...

■ FESTAS PATRONAIS EN MERÍN

• 10 de xullo:

Misa Solemne na honra a San Cristovo ás 21:00 h.

■ FESTAS DO CARME EN TROBE

• 19 de xullo:

Verbena coa Charanga "Santa Compañía" e "Disco-teca móbil DISKOTECA".

• 20 de xullo:

Misa solemne ás 13:00 h. e sesión vermú e verbena coa "Banda de Santa Cruz de Ribadulla" e "Charanga Os Atrevidos".

• 21 de xullo:

Misa solemne ás 13:00 h. e sesión vermú con "Disco móbil Chocolate" e verbena con "Disco móbil Chocolate" e "Orquestra Costa Dorada".

■ FESTAS EN PONTE ULLA

• 22 de xullo:

Festa na honra da Madalena con misa solemne ás 13:00 h. Sesión vermú e concerto a cargo da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla e pola noite festa a cargo de "Ángel América" e "La Duendeneta".

• 23 de xullo:

Festa na honra do Santísimo con misa solemne ás 13:00 h. Sesión vermú e concerto a cargo das Bandas de Música "Santa Cruz de Ribadulla" e "Cultural de Teo". Pola noite gran actuación de as ditas bandas e Fogos de Artificio a cargo de "Pirotecnia Penide".

EN AGOSTO...

■ FESTAS EN SAN FINS

• 1 de agosto:

Vermú a cargo de "Aires de Broña" e verbena coa Orquestra "Cuarta Calle" e "Disco Móbil Chocolate".



• 2 de agosto:

Sesión vermú coa Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla e verbena con "Mar de Arousa" e "Disco móbil Flow".

• 3 de agosto:

Festa co "Grupo Fusión" e dúo (pendente de concretar).

■ FESTAS EN SAN MAMEDE DE RIBADULLA.

• 7 de agosto:

Misa cantada ás 13:00 h. na honra a San Mamede. Sesión vermú a cargo da "Orquestra Atenas". A partir das 18.30 h. Festa infantil (de balde) con inchables, festa da espuma e outras novidades. De seguido verbena amenizada por "Disco Chocolate" e a Orquestra Atenas.

• 8 de agosto:

Misa cantada ás 13:00 h. na honra ao Santísimo e procesión co Grupo "Os Laxeiriños da A.C. San Campio". Sesión vermú a cargo do "Dúo Matices". Na sesión verbena estará acompañado pola "Orquestra Aché".

• 9 de agosto:

Misa ás 13:00 h. na honra á Virxe do Carme. Os días 7 e 8 haberá "pulpeiro" a cargo da Pulpería Sánchez.

■ FESTAS DO SAN CAMPIO EN SAN MIGUEL DE SARRANDÓN

• 9 de agosto:

Sesión verbena con "Discomóvil Chocolate".

• 10 de agosto:

Concerto a cargo da "Banda de Santa Cruz de Ribadulla" e a "Banda de Silleda".

• 11 de agosto:

Verbena a cargo das Orquestras "Origen" e "Panorama".

■ FESTAS DO SANTIAGUIÑO EN VILANOVA

• 21 de agosto:

"Día da Sardiñada" con procesión dende a Igrexa Parroquial ás 21:00 h. ata a Capela do Santiaguíño e novena. Ao rematar sardiñada e churrascada amenizada por un grupo musical.

• 29 de agosto:

Verbena amenizada por "Discoteca Chocolate" e "Orquestra Panorama City".

• 30 de agosto:

Pasarrúas e sesión vermú a cargo da "Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla". Misa solemne ás 13:00 h. e verbena a cargo de "Discoteca Impacto" e "Orquestra Marbella".



A ANTONIO VÁQUEZ TURNES

■ Pola súa merecida e postergada xubilación. Felicidade ao mestre na unitaria de Sarandón do “Cra Vedra Boqueixón Neira Vilas” nos últimos 35 anos. Un exemplo incombustible de sementar na educación os valores, a tradición, a nosa cultura, a posta en valor do propio. Próximo, único e firme, a comunidade educativa de Vedra está de parabéns por contar con esta forza imparabile da natureza.



A JOSÉ VIAÑO REY

■ O director do CPI Plurilingüe de Vedra nos últimos anos, polo seu traballo impecable ao fronte do centro máis numeroso da comunidade educativa do noso concello. Unha función ás veces invisible que executou á perfección mesturándoa coa súa vocación de mestre que nunca quedou atrás.



A CADETES, XUVENÍS E JUNIORS DO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Polo seu bronce no Campionato da Xunta de Galicia de Tríatlon-Circuíto Supersprint.

Tras a proclamación como subcampións e subcampioas galegas, no pasado mes de abril no circuíto supersprint de dúatlon, novamente os rapaces e rapazas das escolas, practicamente na súa totalidade vedreses e vedresas, subían o pasado 21 de xuño en Pontearreas, ao podio dun campionato galego, alcanzando o bronce na categoría de clubs, **nesta ocasión no Campionato Xunta de Galicia de tríatlon Supersprint Cd/Xv/JN.**

Cruzaban a liña de meta na categoría Junior: María Pereira (10º), Hugo Cea (9º), e Xandre Pomar (12º). Na categoría xuvenil: Pedro Iglesias (7º) e Laura Peillet (10º). E xa na categoría cadete, unha nutrida representación do club, formada por Iria Barros (23ª), Xiana De La Fuente (28º), Xulia Peillet (29ª), Alejandra Rodríguez (30ª), Cinthia Vázquez (33ª), Miguel Castro (6º),

Sergio Pereira (15º), Isaac Otero (24º), Alvaro Iglesias e Lois Pallares.

Ter aos deportistas vedreses no podio dun galego, tras pelexar cada brazada, pedalada e zancada, é motivo de ledicia, e tamén un bo xeito de festexar os **20 anos que esta semana cumpría o Club Olímpico de Vedra.**

PARABÉNS a todos e todas as deportistas por ese novo título, que unha vez mais, traen para a casa.



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS